



Solicitante

DOI	Nome e apelidos/Razón social				
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /	
Correo electrónico					

Representante

DOI	Nome e apelidos				
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /	
Correo electrónico					

Modalidade de tarxeta

<input type="checkbox"/> Zona verde <input type="checkbox"/> Zona ORA	<input type="checkbox"/> Municipio
Por razón de:	<input type="checkbox"/> Réxime especial por razón de interese público ou comercial
<input type="checkbox"/> Domicilio	<input type="checkbox"/> Duplicado de tarxeta
<input type="checkbox"/> Domicilio profesional	

Comunicación de cambio de datos

<input type="checkbox"/> Cambio de vehículo	<input type="checkbox"/> Cambio modalidade tarxeta
<input type="checkbox"/> Cambio de domicilio	<input type="checkbox"/> Outros

En cumprimento do Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016 e da Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos persoais reflectidos neste impreso trataranse polo Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de xestionar o procedemento que inicia con este formulario. O mencionado tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público e para o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (artigo 6 do Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo). Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante o responsable do tratamento.

- Responsable: Concello de Santiago, con CIF P1507900G e enderezo na Praza do Obradoiro, 1. 15705, Santiago de Compostela (A Coruña)
- Destinatario: Departamentos municipais con competencias na tramitación do expediente ou, cando corresponda, empresas concesionarias de servizos públicos ou outras administracións públicas.
- Conservación: Os seus datos trataranse durante o tempo necesario para resolver o expediente e conservaranse durante os prazos de prescrición establecidos na normativa aplicable.

Santiago de Compostela, de de 201

Asinado: _____

* A tarxeta (pegatina) deberá recollela na empresa prestadora do servizo (TUSSA) situada na Praza de Camilo Díaz Baliño, s/n (Estación de Autobuses). Teléfono: 981 568 106

DOCUMENTACIÓN TARXETA APARCAMENTO RESIDENTES POR RAZÓN DE **DOMICILIO** (ORA e verde)

RESIDENTES CON VEHÍCULO EN RÉXIME DE PROPIEDAD

- Solicitud en impreso oficial.
- Fotocopia do DNI, tarxeta de residencia, pasaporte ou análogo. No suposto de actuar por representación deberá acreditarse a mesma, achegando fotocopia do documento oficial de identidade do representante e autorización asinada polo representado.
- Fotocopia do Permiso de Circulación do vehículo.

RESIDENTES CON VEHÍCULO RÉXIME DE LEASING OU RENTING

- A mesma que se esixe para residentes con vehículos en réxime de propiedade e, a maiores, fotocopia do contrato de renting.

RESIDENTES CON VEHÍCULO DE EMPRESA

- A mesma que se esixe para residentes con vehículos en réxime de propiedade e, a maiores, autorización da empresa para facer uso do vehículo de maneira única e exclusiva e fóra do horario de traballo.

DOCUMENTACIÓN TARXETA RESIDENTES POR RAZÓN DE **TRABALLO OU ACTIVIDADE PROFESIONAL** (ORA e verde)

- A mesma que se esixe para residentes por razón de domicilio e, a maiores, acreditar o domicilio de traballo do solicitante, mediante certificado da empresa.

DOCUMENTACIÓN TARXETA RESIDENTES POR RAZÓN DE **MUNICIPIO**

- A mesma que se esixe para residentes por razón de domicilio.

SOLICITUDE DE 2ª E 3ª TARXETA

Poderanse conceder ata un máximo de **3 TARXETAS** de residentes para un mesmo domicilio ou a un mesmo titular para un segundo ou terceiro vehículo, cando o condutor deste sexa o seu cónxuxe, parella de feito debidamente inscrita en Rexistro de Parellas de Feito ou descendente consanguíneo en liña recta en primeiro (pais, fillos) ou segundo grado (irmáns) do titular, sempre que estean empadroados no mesmo domicilio. Neste suposto deberán presentar a maioresda documentación dos apartados anteriores, segundo proceda:

- Fotocopia do Libro ou Libros de Familia exhibíndose o seu orixinal para o cotexo ou certificado de inscrición no rexistro de parellas de feito.
- Fotocopia da póliza do seguro na que apareza como condutor do vehículo.
- Fotocopia do DNI do condutor

EXENCIÓN DE PROPIEDAD DO VEHÍCULO

No caso de que conste domiciliado nunha vivenda un só vehículo e o seu condutor non sexa propietario poderá solicitar tarxeta de residente o condutor do vehículo sempre que estea empadroado no Concello de Santiago e teña parentesco de consanguinidade en liña recta en primeiro grado, titor legal, cónxuxe, parella de feito.

Deberá presentar a documentación que se esixe para residentes e, a maiores Libro de familia ou certificado do Rexistro de Parella de Feito.

CAMBIO DE TARXETA

DUPLICADO DE TARXETA

- Solicitud en impreso oficial.
- pago da tarxeta (5 €). *Efectuarase no momento da recollida da tarxeta.*

CAMBIO DE TARXETA POR VARIACIÓN DE DATOS

En todos os casos:

- É obrigatorio a devolución da tarxeta anterior.

Cambio de enderezo:

- Solicitud en impreso oficial.
- En caso de enderezo profesional, certificado da empresa que acredite o domicilio.

Cambio de modalidade de tarxeta por variación de datos

- Solicitud en impreso oficial.
- Documentos que acrediten a modificación dos datos. Deberá mostrar o orixinal para o seu cotexo se é algún dos documentos con este requisito na solicitud da tarxeta.

O uso indebido do distintivo de aparcamento faculta ao Concello de Santiago á retirada do mesmo, e a denegar a súa renovación por un período de ata 3 anos, sen prexuízo das sancións que puideran corresponder.

Os titulares están obrigados a comunicar , no prazo de 15 días, ao Concello calquera modificación nos datos que determinaron a concesión do distintivo e proceder á devolución do mesmo cando proceda.

REQUISITOS TARXETA APARCAMENTO RESIDENTES

RESIDENTES POR RAZÓN DE DOMICILIO PARTICULAR

- Estar empadroado nalgún domicilio radicado dentro do ámbito territorial da zona para a que se solicita a tarxeta.
- Que o vehículo, segundo o Permiso de Circulación, sexa propiedade da persoa que solicita a tarxeta (excepto réxime de renting ou vehículo de empresa) e que o domicilio no que se paga o imposto estea no ámbito territorial da zona para a que se solicita a tarxeta.

RESIDENTES POR RAZÓN DE DOMICILIO PROFESIONAL

- Titulares de actividades mercantís e profesionais que teñan o seu local de negocio ou traballo na área afectada pola zona de regulación de aparcamento de residentes. No caso de tratarse de persoas xurídicas con dous ou máis vehículos en propiedade, soamente poderán obter un máximo de dous distintivos de residente en zona verde.
- No caso de traballadores por conta allea deberán desenvolver a actividade profesional na área afectada pola zona de regulación de aparcamento de residentes.

DISTINTIVO DE RESIDENTES POR RAZÓN DE MUNICIPIO

- Estar empadroado nalgún domicilio radicado dentro do termo municipal do Concello de Santiago.
- Que o vehículo para o que solicita o distintivo, segundo o Permiso de Circulación, sexa propiedade da persoa que solicita a tarxeta e que o vehículo estea dado de alta no padrón do imposto de vehículos de tracción mecánica do Concello de Santiago e ao corrente no pago de imposto e que o domicilio no que se paga o imposto coincida co domicilio do interesado (excepto réxime de renting ou vehículo de empresa).

Soamente poderá dispoñerse dun distintivo de residente por vehículo, sendo incompatibles os distintivos de residente por razón de domicilio, sexa particular ou profesional, co distintivo de residente por razón de municipio.

O Concello de Santiago poderá realizar as comprobacións que considere necesarias, especialmente, que o solicitante e o vehículo para o que solicita o distintivo non teña pendentes sancións de tráfico impostas por resolución firme e, esixir ao interesado que acredite calquera dos requisitos indicados e solicitar a achega dos orixinais dos documentos presentados.